

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Lingua galega e literatura	Curso / Ciclo	3º ESO
-------------------------	-----------------------------------	----------------------	---------------

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	<p>B.3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA</p> <p>VOCABULARIO - Seres míticos galegos. Arquitectura e arte urbana. Alimentación. LÉXICO - Palabras patrimoniais, cultas e semicultas. As relacións semánticas. A creación de palabras: derivación e composición. GRAMÁTICA - Unidades lingüísticas. A palabra e a súa estrutura. Tipos de palabras. Substantivo e adxectivo. ORTOGRAFÍA - Regras xerais de acentuación. O acento diacrítico. Maiúsculas e minúsculas.</p> <p>B.4. LINGUA E SOCIEDADE</p> <p>Orixe e evolución da lingua galega. Estratos lingüísticos. O galego na Idade Media. O galego e a lusofonía.</p> <p>B.5. EDUCACIÓN LITERARIA</p> <p>Literatura e lingua literaria. A literatura popular. A literatura medieval. A lírica medieval (cantigas de amigo, cantigas de amor, cantigas de escarnio e maldicir e outros xéneros).</p> <p>LECTURAS: <i>O que sei do silencio</i>, Andrea Maceiras.</p>
----------------------	--

2ª Avaliación	<p>B.3.FUNCIONAMENTO DA LINGUA</p> <p>VOCABULARIO - Mundo dixital e redes sociais. Cinema e teatro. Televisión e radio.</p> <p>OBRADOIRO DE EXPRESIÓN - As tipoloxías textuais. Textos da vida cotiá (convocatoria, actas e regulamentos). Textos dos medios de comunicación (crónica, reportaxe, entrevista e podcast).</p> <p>GRAMÁTICA - Os pronomes (artigos, demostrativos, posesivos, persoais e outros pronomes). O verbo.</p> <p>ORTOGRAFÍA - Signos de puntuación.</p> <p>B.4. LINGUA E SOCIEDADE A lingua galega do S. XIX a 1916.</p> <p>B.5. EDUCACIÓN LITERARIA Os Séculos Escuros e a Ilustración. Prerrexurdimento e Rexurdimento. Rosalía de Castro.</p> <p>LECTURA: <i>A neve interminable</i>, Agustín Fernández Paz.</p>
3ª Avaliación	<p>B.3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA</p> <p>VOCABULARIO - Toponimia e medio natural. Os deportes. A ciencia. OBRADOIRO DE EXPRESIÓN - Textos da vida académica (enciclopedia, presentación dixital e microblogs). O texto publicitario. O texto electrónico. GRAMÁTICA - Unidades e funcións sintácticas (Frase, cláusula e oración. Suxeito e predicado. Complementos do predicado. Cláusula e oración).</p> <p>ORTOGRAFÍA - Uso de b/v, s/x, c/z e h e outras consoantes. Os grupos consonánticos. A grafía dos homónimos e os parónimos.</p> <p>B.4. LINGUA E SOCIEDADE: A lingua galega na actualidade. O contacto entre linguas.</p> <p>B.5. EDUCACIÓN LITERARIA: Eduardo Pondal. Manuel Curros Enríquez. Outros xéneros no Rexurdimento. A transición cara ao século XX.</p> <p>LECTURA: <i>A ladroa do Pazo de Meirás</i>, Eva Mejuto.</p>

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Instrumentos	Peso %
Probas escritas	60%
Tarefa de competencias clave	20%
Lectura	10%
Comprensión lectora	10%

Criterios:

Realizaranse **dúas probas escritas** por trimestre puntuadas sobre 6. Farase media entre as dúas tendo como resultado máximo 6 puntos. Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas leves (por exemplo, acentos gráficos) e 0,1 por faltas máis graves (castelanismos, tempos compostos, incorrecta colocación do pronome persoal átono, b/v, h/...) ata un máximo de 1 punto.

En cada avaliación propoñerase unha **tarefa** a través da cal o alumnado poderá demostrar cal é o nivel de dominio das diferentes **competencias clave**. Dita tarefa puntuará ata un máximo de 2 punto, desagregados do seguinte xeito: ata un máximo de 1 punto, a realización da tarefa; e ata un máximo de un punto, a exposición oral.

En cada trimestre avaliarase o **libro de lectura** escollido polo alumnado entre as propostas dadas e este terá unha puntuación máxima de 1 punto para a nota trimestral.

Realizarase unha **proba de comprensión oral** por avaliación na que o alumando obterá unha puntuación máxima de 1 punto.

A **cualificación de cada avaliación** resultará da nota media resultante das probas escritas (60%), á que se lle sumará a nota obtida na avaliación do libro de lectura (10%), a valoración da tarefa de competencias clave (20%) e a proba de comprensión escrita (10%). Para aprobar a avaliación é necesario que a suma anterior dea como mínimo un cinco.

A **nota final de curso** corresponderá á media das tres avaliacións, tendo en conta a nota real e non a ponderada. Con todo, as notas dos diversos trimestres terán un peso diferente na nota final, xa que a cualificación da terceira avaliación puntuará dobre. Haberá unha avaliación continua nos aspectos gramaticais e lingüísticos.